

Data: 05/07/2017

De: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia – Área de Modernización das Administracións Públicas

Para: Secretarías de Coordinación Provincial, Secretaría de Goberno do TSXG “cancelación sistemática de escritos iniciadores no aplicativo LexNET”

Ref.: “Cancelación sistemática de escritos iniciadores no aplicativo LexNET”

Asunto: Cancelación de escritos iniciadores por datos erróneos nos identificadores de intervinientes.

Estimados Secretarios Coordinadores,

En resposta a distintas consultas e incidencias comunicadas ao CSU de Xustiza por parte das Oficinas de Rexistro e Reparto e Colexios Profesionais, facilitamos a seguinte información para que se o consideran oportuno, difundila a quen corresponda.

Cando un profesional presenta un escrito iniciador a través de LexNET no que rexistra como interviniente a unha **persoa xurídica**, e no campo “**Tipo de Identificación**” selecciona “**Número de Identificación Fiscal**” pero o “**Número**” que se introduce a continuación corresponde a un “**CIF**” ou **viceversa**, a aplicación LexNET non valida o formato e permite realizar o envío. Achegamos captura de LexNET de exemplo:

Rellene los siguientes campos para añadir un interviniente [campos obligatorios *]:

Tipo de Persona (*): Persona Física Persona Jurídica Entidad sin personalidad jurídica

Tipo Intervención(*):

Datos del Interviniente

Tipo Identificación(*): Número(*):

Razón social(*):

Neste caso, cando a Oficina de Rexistro e Reparto incorpora o escrito iniciador no sistema de xestión procesual Minerva Versión 4.22.2.1, Datosmin 2.20.1.2, a aplicación valida que para ese **tipo de identificación “CIF” ou “NIF” o formato e numeración non é correcto** e cancela a incorporación. Este escrito rexeitado pasa de forma automática ao cartafol de “**Cancelados**” de LexNET, xerando o correspondente xustificante de cancelación que recibe o profesional indicando como motivo da cancelación “**datos recibidos con errores**”.

Para evitar estas cancelacións, sería conveniente que antes de realizar o envío, o profesional revise os datos introducidos en LexNET e comprobe que para o tipo de identificación “NIF” ou CIF” figura un formato e número correcto.

Por último, comentar que todas as consultas, incidencias, peticións ou suxestións sobre o sistemas de comunicación electrónica LexNET de profesionais poden comunicalas a través do formulario de contacto da paxina web do CAU de LexNET dispoñible na seguinte ligazón: <http://lexnetjusticia.gob.es/contactolexnet>

Reciba un cordial saúdo,

Departamento para a Modernización da Administración
de Xustiza
Área de Modernización das Administracións Públicas
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia